

BANDO INFORMATIVO

EXENCIÓN NO CANON DA AUGA A DETERMINADOS ESTABLECEMENTOS

Infórmase á veciñanza que, en aras de axudar ós sectores económicos mais afectados e castigados pola situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia por mor da COVID-19, a Xunta de Galicia vén de incorporar á Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2021 unha disposición dirixida a **eximir do pagamento do Canon da Auga ou do coeficiente de vertedura os consumos de auga correspondentes aos períodos de facturación comprendidos entre o 5 de novembro de 2020 e ata a data na que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego** efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Os **establecementos comerciais que poderán beneficiarse da exención** son os seguintes, sempre que estes teñan diminuído significativamente a súa actividade no dito período, isto é, que **os consumos realizados sexan iguais ou inferiores ao 25% do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ó 5 de novembro de 2020**:

- a) Establecementos de restauración: **restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares.**
- b) Os seguintes establecementos de lecer e entretemento: **salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.**
- c) **Hoteis e aloxamentos turísticos.**
- d) **Albergues turísticos.**

Esta nova regulación xa foi posta en coñecemento da empresa concesionaria do Servizo de administración de auga, VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U, a fin de que proceda a adoptar as medidas precisas para a Xestión desta exención do canon da auga.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo, a 4 de decembro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

